

TEMA 14. A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL

CARACTERÍSTICAS XERAIS E TRES GRANDES FAMILIAS POLÍTICAS DE LIBERAIS

Ata a morte de **Fernando VII** en **1833**, dúas ideoloxías comezaron a enfrontarse en España:

- O **absolutismo**, característico do **Antigo Réxime***, que predominaba aínda a inicios do XIX;
- E o **liberalismo**, unha ideoloxía burguesa que loitaba por eliminar o sistema do **Antigo Réxime**, defendendo ideas como a igualdade, maiores liberdades individuais ou a separación de poderes.

Este **liberalismo** logrou impoñerse nas **Cortes de Cádiz** e no **Trienio Liberal**, pero, ao ser anuladas ambas por **Fernando VII**, empeñado en manter o absolutismo, o liberalismo non logrou asentarse no goberno ata a morte deste rei e o **inicio das guerras carlistas**, en **1833**.

A implantación dun Estado liberal en España deuse entón durante o reinado de **Isabel II**, filla de **Fernando VII**, quen, a raíz das guerras carlistas, precisou do apoio dos liberais para gañar a guerra, e tivo polo tanto que darlles en contrapartida entrada no goberno do país, se ben amosando sempre unha descarada predilección polos **liberais máis moderados**, que foron os que gobernaron practicamente durante todo o reinado de **Isabel II**.

En cambio, os **liberais máis progresistas**, que nunca eran chamados a gobernar, foron quedando á marxe, logrando acceder ao goberno só mediante rebelións ou **pronunciamentos** que obrigaban á raíña a chamalos:

- Por exemplo en **1836**, co **Motín da Granxa**, que obrigouna a nomear un goberno progresista.
- En **1854**, coa **Vicalvarada**, un pronunciamento militar, que deu lugar ao **Bienio Progresista**.
- E en **1868**, coa **Gloriosa**, un pronunciamento militar e ao tempo revolución popular, que acabou coa expulsión de **Isabel II** e deu inicio ao período do **Sexenio Democrático**, cuxo obxectivo era implantar unha democracia con sufraxio universal masculino e amplos dereitos, tal e como pedían o 3º grupo dos liberais, os **democráticos**, máis á esquerda dos progresistas.

PRINCIPIOS DO LIBERALISMO.

O **liberalismo** era a ideoloxía que representaba os intereses da burguesía que, durante o **XIX**, comezara a gañar importancia debido á revolución industrial e ao desenvolvemento do comercio; en cambio, o sistema do **Antigo Réxime** apenas lle daba dereitos e liberdades parellos ao seu poder económico, e esta foi a razón pola cal apoiaron o liberalismo, como forma de derrubar o **Antigo Réxime** que tanto os limitaba.

Entre os principios máis importantes que defendía o liberalismo, destacan:

- 1. Monarquía constitucional** (rei si, pero cunha constitución que limite o seu poder), fronte m.absoluta
- 2. Separación de poderes**, en 3 poderes independentes, fronte os abusos do **Antigo Réxime**: • **Executivo** ou de gobernar (para o rei e o seu goberno) • **Lexislativo** ou de lexislar/elaborar leis (para as Cortes ou parlamento) • **Xudicial** ou de xulgar (para tribunais de xustiza)
- 3. Soberanía nacional**: o poder reside nas Cortes, que son elixidas por voto ou sufraxio da poboación, fronte á soberanía real ou en exclusiva no rei (propia do Antigo Réxime).
- 4. Dereito ao sufraxio ou voto** (masculino e censatario, en ppio.) para elixir aos deputados en Cortes.
- 5. Dereitos e liberdades máis amplos**, que debían quedar recollidos nunha Constitución, como: ° a igualdade de todos os homes ante a lei (sen privilexios estamentais) ° o dereito á liberdade económica, sen gremios nin control do Estado ° o dereito á propiedade

privada individual... e outros que se írían sumando cos anos.

DIFERENTES FAMILIAS POLÍTICAS.

Co discorrer do século XIX, e principalmente ao longo do reinado de **Isabel II**, foron aparecendo diferenzas e variantes deste primeiro liberalismo (ou liberalismo doutrinario), xurdindo tres familias políticas diferentes de liberais: moderados, progresistas e democráticos.

1. Liberais doutrinarios ou moderados: no poder durante case todo o reinado de **Isabel II**

- Foron os preferidos da Coroa, por ser menos revolucionarios e máis “persoas de orde”, e estaban formados por clases altas: alta nobreza, alto clero, alta burguesía, mandos do exército...
- Destacaron como líderes: o xeneral **Narváez** e **Bravo Murillo** (ambos do **Partido Moderado**)
- E o seu ideario quedou recollido na **Constitución moderada de 1845**, en vigor todo o reinado:
 - Defendían un **Estado moi centralizado**, con concellos controlados polo Goberno central;
 - Con **Soberanía nacional compartida entre Rei e Cortes** (con moitos poderes no Rei);
 - Con **Sufraxio censitario moi restrinxido** (só podían votar os máis ricos... ou sexa, eles);
 - E con **dereitos e liberdades**, pero limitados case a eles mesmos... porque queren moito orde na rúa e máis seguridade para as súas propiedades privadas (e para logralo crean a Garda Civil en 1844);
 - E finalmente, eran partidarios dun **Estado confesional católico**, ou relixión católica oficial.

2. Liberais progresistas: no poder en 2 curtos períodos e sempre tras rebelións ou pronunciamentos:

- En **1836**, tras o **motín da Granxa**;
- E en **1854**, tras a **Vicalvarada**, pronunciamento que deu inicio ao **Bienio Progresista**, chegando a elaborar unha **Constitución progresista en 1856**, (a “non nata”, porque non se chegou a aprobar);
- Formados por clases medias: pequena e mediana burguesía, oficiais medios do exército,...
- Destacan como líderes: **Mendizábal**, o xeneral **Espartero** e o xeneral **Prim** (Partido Progresista)
- E a súa ideoloxía, recollida naquela Constitución “non nata”, defendía:
 - Un Estado máis descentralizado, con concellos elixidos por sufraxio;
 - Con Soberanía nacional compartida, pero con máis poder para as Cortes que para o Rei;
 - Con Sufraxio censitario (pero menos, ampliando a % de homes que podían votar);
 - Con dereitos e liberdades individuais máis amplas (liberdade de prensa, de reunión...);
 - Para manter a orde defendían a Milicia Nacional (un corpo de cidadáns armados);
 - E finalmente, un Estado aconfesional (sen relixión oficial), limitando o poder da Igrexa.

En **Galicia**, os progresistas intentaron rebelarse contra os gobernos moderados de **Isabel II**, cun pronunciamento militar do **Xeneral Solís en Lugo en 1846**, apoiado en Santiago, Vigo... pero que durou apenas vinte días, sendo fusilado cos seus oficiais en **Carral** (A Coruña).

3. Liberais demócratas: escindidos dos progresistas, e que lograron chegar ao poder en 1868, por medio da **revolución Gloriosa**, que deu inicio ao chamado **Sexenio Democrático**, e durante o que aprobaron a Constitución democrática de 1869;

- Formados polas clases baixas ou populares, sobre todo polas urbanas...
- Que deron lugar a 2 partidos: o **Demócrata** e o **Republicano** (demócratas, pero non

monárquicos),

- E cun ideario que engadía ao dos progresistas, novidades como:

- **Soberanía popular** (o poder reside directamente no pobo, que é quen elixe aos representantes);
- **Sufraxio universal masculino** (maiores de 25), para elixir Cortes e Goberno;
- **E separación total de Igrexa e Estado** (Estado laico), con tolerancia relixiosa.

En resume, durante o século XIX o liberalismo foi logrando implantarse lentamente, dividíndose pronto en dúas tendencias maioritarias: moderados e progresistas, e logrando estes últimos chegar ao poder só a través de rebelións ou pronunciamentos. A partir dos progresistas acabou xurdindo unha 3ª tendencia ou familia de liberais, os **democráticos**, que mediante a **revolución Gloriosa en 1868** lograron levar o liberalismo máis lonxe, ao lograr implantar un réxime liberal democrático (sufraxio universal, soberanía popular, estado laico...) que duraría só 6 anos (**Sexenio Democrático**), ata o final da **Primeira República española**.